



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZASETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (15/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e nove minutos do día dezasete de novembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera e D. Ángel Filgueiras Grueiro; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela, nin o Sr. Concelleiro D. Ramón Blanco Filgueiras, quen escusou a súa ausencia.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 17 de outubro de de 2025
- 2.- Aprobación inicial expediente de modificación de créditos núm. 17/2025

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que é a acta do pleno ordinario anterior, que a teñen todos e pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Non se producen intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 17 de outubro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 17/2025

O certificado do ditame-proposta da Comisión Especial de Contas do día 12 de novembro de 2025 sobre este asunto transcríbese literalmente a continuación e consta asinado



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/T002/000017, xunto cos informes, memoria da Alcaldía e proposta desta á dita Comisión e, estes últimos, enviáronse con anterioridade á celebración da sesión da dita Comisión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG:

“CERTIFICACIÓN

Baldomero Beceiro Alonso, secretario do Concello de Concello de Monfero, agás erro ou omisión involuntaria, CERTIFICO que a Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada o mércores 12 de novembro de 2025, adoptou o acordo que deseguido transcribo:

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 17/2025

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G006/000096, enviouse, xunto coa memoria xustificativa da Alcaldía e os dous informes da Intervención que tamén constan asinados dixitalmente no expediente electrónico 2025/T002/000017, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación, xunto coa memoria xustificativa:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a modificación do orzamento, a memoria xustificativa da Alcaldía, informes de Secretaría-Intervención que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e a súa documentación xustificativa, polo importe total de **108.921,74€**, e os preceptos legais de aplicación; e tendo en conta que os novos créditos que se propoñen son necesarios para facer fronte ás obrigas da Corporación de carácter inaprazable que se detallan e xustifican na memoria elaborada por esta Alcaldía, propóñolle á Comisión Especial de Contas que adopte o seguinte acordo:

Informar favorablemente o expediente de modificación de créditos núm. 17/2025 e propoñer ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 17/2025, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

CRÉDITOS NECESARIOS

Altas en aplicacións de gastos

As aplicacións que deben crearse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos extraordinarios
Progr.	Económica		
160	63200	BOMBA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS	5.921,74
SUMAN			5.921,74

Suplementos en aplicacións de gastos

As aplicacións que deben suplementarse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Aplicación		DESCRICIÓN	Suplementos de crédito
Progr.	Económica		
1531	21300	Reparación tractores	8.000,00
1621	21400	Reparación vehículos (camión recollida lixo)	8.000,00
1621	22103	Gasoleo servizo recollida lixo	8.000,00
1623	22709	Tratamento de residuos	12.000,00
165	22100	Suministración eléctrica	25.000,00
231	22799	SAF	5.000,00
311	22789	Lacería	4.000,00
323	21200	Reparación e mantemento edificios escolares (C.P.I)	12.000,00
432	22602	Publicidade e propaganda: calendarios	3.000,00
920	22102	Suministro gas calefacción	6.000,00
920	22706	Trabajos realizados por outras empresas (web, prevención, gestoría e control de calidade)	12.000,00
SUMAN			103.000,00

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO 108.921,74 €



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

FINANCIAMENTO

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do exercicio anterior, polo que a operación queda nivelada e sen déficit inicial.

Introdúcense no orzamento de ingresos as seguintes modificacións:

<u>SUBCONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
2025.0.0.0.87000 REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	108.921,74€
<u>TOTAL.....</u>	<u>108.921,74€</u>

2.- Continuar a tramitación do expediente de acordo co disposto polo art. 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei 39/1988, reguladora das facendas locais, e as demais normas de aplicación, coa inmediata exposición ao público para os efectos das reclamacións.

3.- No suposto de que non se presenten reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o expediente. Deberase, pois, proceder á publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

"MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS CON CARGO AL REMANENTE DE TESOURERÍA

MEMORIA DA ALCALDÍA

Ante a existencia de gastos xa realizados ou que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación ou o consignado é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría para gastos xerais segundo os estados financeiros e contables que resultan da liquidación do orzamento exercicio anterior, faise precisa a concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, respectivamente, financiados con cargo ao remanente líquido de Tesouraría dispoñible do 2024, para o que se tramita o expediente de modificación de créditos núm. 17/2025, de acordo co seguinte.

Altas en aplicacións de gastos

As aplicacións que deben crearse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos extraordinarios
Progr.	Económica		
160	63200	BOMBA DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS	5.921,74
SUMAN			5,921,74

Suplementos en aplicacións de gastos

As aplicacións que deben suplementarse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Aplicación		DESCRICIÓN	Suplementos de crédito
Progr.	Económica		
1531	21300	Reparación tractores	8.000,00
1621	21400	Reparación vehículos (camión recollida lixo)	8.000,00
1621	22103	Gasoleo servizo recollida lixo	8.000,00
1623	22709	Tratamento de residuos	12.000,00
165	22100	Suministración eléctrica	25.000,00
231	22799	SAF	5.000,00
311	22789	Lacería	4.000,00
323	21200	Reparación e mantemento edificios escolares (C.P.I)	12.000,00
432	22602	Publicidade e propaganda: calendarios	3.000,00
920	22102	Suministro gas calefacción	6.000,00
920	22706	Trabajos realizados por outras empresas (web, prevención, gestoría e control de calidade)	12.000,00
SUMAN			103.000,00

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO 108.921,74 €

Estas modificacións financiaranse con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais dispoñible resultante da liquidación do exercicio anterior.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

XUSTIFICACIÓN

Estes créditos precísanse para atender as seguintes finalidades:

- A adquisición dunha bomba para a depuradora
- A reparación de maquinaria e vehículos
- A subministración de enerxía eléctrica para a iluminación pública
- Complementar contrato servizo axuda no fogar
- Aos gastos de tratamento dos residuos que se van producindo
- Servizo de lacería
- Reparación e mantemento de edificios escolares
- Publicidade e propaganda: calendarios
- Subministración gas calefacción Centro de Saúde, Cámara Agraria e Concello
- Atender ao pagamento dos servizos de mantemento da páxina web, asesoramento laboral, prevención da saúde, control de calidade

Non existe no estado de gastos do Orzamento vixente crédito suficiente e axeitado para atender a estas finalidades específicas.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo"

O Sr. Alcalde en funcións expón que se trata da última modificación de créditos que van a tramitar este ano con cargo ao Remanente de Tesourería de 2024, na que se respecta a estabilidade orzamentaria e a regra do gasto. Que se fai á vista do acontecido o ano pasado na última semana de decembro, coa intención de que non suceda o mesmo este ano e se pague todo contra o orzamento de 2025 e non contra o de 2026, ao contrario do que ocorreu o ano pasado, para evitar os expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos na medida do posible e liberar os créditos do orzamento de 2026, sen ter que adicalos a gastos de 2025, facendo unha estimación sobre a base do acontecido no 2024 para aplicalos ao 2025. Que a maioría das partidas son para gastos que entran en decembro, agás a bomba para reparar a depuradora de San Fiz e a reparación do sistema de calefacción do CPI, que foron tres mil e pico euros, ademais de para atender aos gastos de calefacción, gasóleo, etc., que o resto son para gastos que na maioría entran na última semana de decembro.

Deseguido pregunta se hai intervencións. Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belen Salido Maroño, e pregunta para onde é a partida de gas para a calefacción. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que para Centro de Saúde, a Cámara Agraria e o Concello, que veñen os gastos moito ao final do ano e non se dan tramitado e que é para que non vaian con cargo ao 2026.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A continuación, a Sra. Voceira do PP pregunta pola partida para o gasóleo para o servizo de recollida de lixo, que xa debería de estar no orzamento. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que si pero que se trata de facturas que veñen moi tarde e que se pagan xusto ao remate do ano.

Deseguido, a Sra. Voceira do PP pregunta pola reparación do camión do lixo. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que son varias reparacións, unha importante de Vilar do Colo, e estimacións do que vai vir ao remate do ano.

Despois, a Sra. Concelleira pregunta polas reparacións do CPI. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que son para a reparación da caldeira da calefacción, para gastos que houbo no comedor e tamén para electricidade, etc.

Finalmente, a Sra. Voceira do PP pregunta se esta vai a ser a última modificación de este ano con cargo ao remanente e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, para deixar libre destes gastos ao orzamento de 2026.

Conclúe D.^a M.^a Belén Salido que o seu grupo vai a estar de acordo.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a proposta a votación. Vótase e o resultado é o seguinte: 6 votos a favor (PSOE e PP), ningún voto en contra e ningunha abstención. Xa que logo, declara que queda aprobada por unanimidade e, polo tanto, adoptados os acordos que se propoñían nela.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde en funcións, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Secretario,

O secretario-interventor, Baldomero Beceiro Alonso

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo“

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que xa explicou de que se trata na Comisión de Contas, pero que o vai a explicar outra vez porque non estivo o Sr. Concelleiro do BNG.

Expón que o que pretenden é aprobar un importe de 108,921 euros con cargo ao Remanente de Tesourería, que veñen sendo os aforros deste ano 2025, para aquelas facturas que normalmente veñen entrando a finais de ano, a partir do día 27 de decembro para adiante, 26, 27, 28... que xa non da tempo a tramitalas e pagalas en tempo con diñeiro do orzamento de 2025, e entón que queren que se paguen con cargo aos aforros, que haxa xa un compromiso de gasto para que se paguen con cargo aos aforros e así se



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

evitarían recoñecementos extraxudiciais de créditos, na medida do posible, e tamén liberar desta cantidade, que se pagaría previsiblemente en xaneiro de 2026, ás contas de 2026, xa que pasarían a pagarse con ese remanente. Que a maioría das partidas ás que se refire son de gastos correntes, como por exemplo o gas para a calefacción, servizo de lacería, subministración eléctrica, tratamento de residuos, o gasóleo da recollida do lixo, reparación de vehículos, reparación de tractores, reparación e mantemento de edificios escolares... agás dúas que non se refiren a gastos previstos no orzamento, que son o arranxo da depuradora de San Fiz, de case seis mil euros, onde houbo que arranxar o motor, e máis unha partida que pon 12.000,00€, que é a reparación e mantemento de edificios escolares, que é no Colexio do Xestal, que comprende unha de 3.500,00€, máis ou menos, dunha reparación do sistema de calefacción do colexio, que o resto son todo de gastos correntes que entran sempre a finais de ano.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas do día 12 de novembro de 2025 sobre este asunto á que se refire este punto da orde do día, é aprobado polo Pleno da Corporación por unanimidade e, polo tanto, adoptados os acordos que propón. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións deu as grazas a todas as persoas asistentes e levantou a sesión, ás doce horas e trece minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor